



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN AVANTE LGBT+ PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO COLECTIVO LGTBI (LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS)

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Da outra parte, Almudena González González, que actúa en nome e representación da Asociación Avante LGBT+ con NIF G70579362, con domicilio social na praza do Matadoiro, 4, de Santiago de Compostela, na súa calidade de presidenta nomeada por acordo adoptado na Asemblea Xeral da Asociación en data 27 de xaneiro de 2025, en virtude do establecido no artigo 13 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN



Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo. Que a constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer ningunha discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integren sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

Terceiro. No artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, establécese que *"os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero"*.

Cuarto. A asociación Avante LGBT+, a Asociación en adiante, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2018/22471-1, é unha entidade sen ánimo de lucro que se rexe polo seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable, que desenvolve maioritariamente a súa actividade dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega. Así mesmo, a asociación está recoñecida e inscrita na área de igualdade no Rexistro Único de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS) co número E7467 e forma parte do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Observatorio LGBTIQ+).



O principal obxectivo desta entidade segundo o artigo 5 dos seus estatutos é a defensa dos dereitos das persoas LGTBI.

Do mesmo xeito, de acordo cos seus estatutos, a asociación pode asinar convenios con entidades sociais, administracións públicas ou privadas, empresas ou cooperativas, que sexan de interese para a consecución dos fins anteriormente expostos.

Para o ano 2025, a asociación está a levar a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.

Quinto. A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a realización por parte da asociación, das referidas actividades e programas para a promoción da igualdade de oportunidades, a visibilidade, a sensibilidade e non discriminación do colectivo LGTBI no ano 2025 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, posto que na Comunidade Autónoma de Galicia existe un número limitado de entidades legalmente constituídas e con experiencia acreditada que desenvolven actuacións específicas dirixidas ao colectivo LGTBI, polo que se xustifica a non procedencia dunha convocatoria pública e a sinatura de convenios con aquelas que manifestaron o seu interese nesta colaboración e que forman parte do Observatorio LGBTIQ+, como é o caso.



Estas consideracións xustifican a concesión directa da subvención á asociación para desenvolver as súas actuacións e programas e por iso se exceptiona do principio de concorrencia pública de conformidade co artigo 26.2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan formalizar o presente Convenio, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, e a Asociación a través da concesión directa dunha subvención para levar a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI no ano 2025.

SEGUNDA. Accións subvencionables a desenvolver

A Asociación desenvolverá no ano 2025 as seguintes actuacións, que se consideran subvencionables, sempre que se realicen e xustifiquen dentro do período de vixencia do presente convenio:

- Campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade.
- Programas e actuacións formativas e divulgativas orientadas á normalización da sexualidade e a diversidade, a igualdade de oportunidades e contra a LGTBIfobia, favorecendo a inclusión social das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.
- Actividades de investigación, estudos, enquisas, conferencias, cursos, e demais actos de natureza análoga que fomenten o coñecemento da situación do colectivo LGTBI en todos os ámbitos.





- Acompañamento, atención, información e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios, cultura, saúde integral, VIH-SIDA e outras enfermidades de transmisión sexual, cuestións xurídicas, psicolóxicas, e outros temas ás persoas LGTBI e as súas familias.
- Actuacións (de asesoramento, acompañamento, recollida de información e datos...) para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.
- Actuacións que proporcionen información/formación específica ao persoal traballador da propia entidade e doutras, para poder desenvolver un traballo de mellor calidade e axeitado ás necesidades específicas das persoas LGTBI.

TERCEIRA. Financiamento

Para sufragar os gastos derivados das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, achegará a cantidade total de dez mil euros (10.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 08.07.313B.481.0 (código de proxecto 2017 00002), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

CUARTA. Gastos subvencionables

En aplicación do previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que sexan realizados e pagados entre 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de outubro de 2025, agás aqueles gastos realizados que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

- a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.
- b) Que teñan a seguinte natureza:



- 1.º. Gastos de persoal da entidade: custo total, que abranguerá as retribución e os custos de Seguridade Social, na porcentaxe imputada a actividade subvencionada, con indicacións das horas adicadas ás actividades
- 2.º. Gastos de materiais funxibles e subministros imprescindibles para desenvolver as actividades subvencionadas
- 3.º. Axudas de custo e gastos de viaxe das persoas que realicen as actividades, sempre que sexan imputados pola entidade á actividades subvencionadas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.
- 4.º. Outros gastos correntes (alugamento de locais, luz, telefonía e internet...) directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento, así como, os correntes de subministración (auga, luz...) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade subvencionada. No caso contrario, soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento das actividades sobre o orzamento da asociación.

Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais ou rexistras e o gastos periciais para a realización da actividade subvencionada e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución. En ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargos e sancións administrativas e penais, nin os gastos de procedementos xudiciais.

Os tributos son gastos subvencionables cando a entidade os aboe directamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección da asociación.



QUINTA. Subcontratación

Para a execución das actuacións a subvencionar a través deste convenio, a Asociación poderá subcontratar ás actuacións subvencionadas, no marco que permite a lei 9/2007 de 13 de xuño. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo das actuacións subvencionadas, non acheguen valor engadido ao seu contido.

As entidades contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

En todo caso deberanse respectar os límites impostos no artigo 27.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Xustificación das actuacións

1. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de outubro de 2025, e deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade con data límite o 10 novembro de 2025.

A xustificación dos gastos e do seu pagamento realizarase por medios electrónicos a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Memoria de actuación, expedida e asinada electronicamente polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación de:

- 1) as actividades realizadas
- 2) Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 3) os resultados obtidos



- 4) documentación gráfica probatoria das actividades realizadas (fotografías, capturas de pantalla...)

b) **Certificación dos gastos realizados**, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade. Esta certificación conterá:

- A relación clasificada dos gastos realizados con identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
- Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación para a realización das actuacións comprendidas dentro das actuacións subvencionadas que deberá indicar para cada unha delas os datos seguintes: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF da persoa traballadora, base do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no apartado b) e a documentación acreditativa do pagamento.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados. Nestes documentos deben quedar claramente identificadas a persoa receptora e a emisora do pagamento, e será conveniente que no concepto se faga constar o número da factura.

No caso de pagamento mediante cheque terá que ser, en todo caso, nominativo e vir acompañado da xustificación bancaria acreditativa do cargo na conta que figure nel.

No suposto de que o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.



Con carácter excepcional, aceptárase a xustificación de pagamentos mediante a presentación dun recibín ou documento probatorio equivalente para aqueles gastos de contía inferior a 50 euros.

d) Os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT), e o seu pagamento: xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

e) En relación as nóminas e facturas con retención do IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso correspondente.

f) Unha declaración responsable doutros ingresos ou subvencións solicitadas, que financiasen a actividade subvencionada, tanto as aprobadas ou concedidas como as que estean pendentes de resolución, con indicación do importe e a súa procedencia.

g) Declaración responsable, de ser o caso, de non estar obrigada a liquidación do Imposto do Valor Engadido.

h) Acreditación documental do cumprimento da obriga de incluír en todos os documentos e accións de difusión e información da actividade subvencionada , así como nos contornos dixitais (webs, etcétera) o logotipo da Consellería de Política Social e Igualdade e indicando que a actividade é financiada en virtude deste convenio de colaboración segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación. A entidade queda obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación



nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso en período voluntario.

2. A Consellería de Política Social e Igualdade, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.

c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

3. Á vista de toda a documentación, a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula terceira e sempre que se cumpra coa finalidade do presente convenio, procederá a minoración do importe do convenio e o correspondente procedemento de reintegro parcial ou total da subvención, en proporción ao importe non xustificado. No caso que non se xustificase



cando menos o 20% do importe das actuacións a subvencionar obxecto do convenio, produciríase a revogación da subvención concedida e dará lugar ao reintegro.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de promoción da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 10 de novembro de 2025.

SÉTIMA. Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A Asociación responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información



actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OITAVA. Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso a Asociación deberá crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.





NOVENA. Pagamento

1. Poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio.

2. Para a realización das actividades subvencionadas, conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, realizarase un primeiro pagamento anticipado do 80% de 10.000 euros. Concretamente a cantidade en concepto de pagamento anticipado é de 8.000,00 euros que se fará efectivo tras a sinatura do presente convenio.

O importe restante, ou a parte proporcional que corresponda, librarase logo da xustificación pola entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu e demais condicións exixidas neste convenio.

3. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos artigos 63.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

DÉCIMA. Obrigas da entidade beneficiaria da subvención

A Asociación, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que implican as actuacións derivadas da execución do convenio.
- b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.



- c) Realizar a divulgación das actuacións e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Consellería de Política Social e Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións e sempre nas actividades de difusión.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e) Cumprir cos requisitos do artigo 10 e as obrigas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para poder obter a condición de beneficiaria así como co resto das obrigas recollidas na Lei 38/2003, de 17 novembro.
- f) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- g) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- h) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- i) Presentarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, ao remate da vixencia do convenio, unha memoria xustificativa de actuación na que se recollerán os





- medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.
- j) Cumprir coas obrigas previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.
 - k) No seu caso, garantir e acreditar o cumprimento do disposto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, segundo o cal, será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesión, oficio e actividade que implique contacto habitual con persoas menores de idade, o non ter sido condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no Título VIII da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal.
 - l) Cumprir os requisitos do artigo 82 da Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, segundo o cal, non se concederán, proporcionarán, ou outorgarán subvencións, recursos nin fondos públicos de ningún tipo, nin directa nin indirectamente, a ningunha persoa física ou xurídica, pública, privada ou de financiamento mixto que cometa, incite ou promova LGTBIfobia, incluíndo a promoción ou realización de terapias de conversión.

DÉCIMO PRIMEIRA. Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere,



illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

DÉCIMO SEGUNDA. Inexistencia de relación laboral

Para realizar os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio, a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto neste convenio, o persoal que, no seu caso, precise para o seu desenvolvemento. A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións do programa a subvencionar que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO TERCEIRA. Modificación, revogación e reintegro

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:





1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.
3. A obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impidisen dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
4. A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
5. O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento, non obstante o incumprimento das obrigas establecidas nos apartados c) d) e f) da cláusula décima darán lugar ao reintegro na porcentaxe do 20% da totalidade da axuda percibida.

Tamén procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución.



Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

En todo caso a Asociación sométese á normativa vixente en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento, en canto sexan de aplicación.

Así mesmo, segundo o previsto na Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico no artigo 31.4, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO CUARTA. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes formalizado por escrito.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Desaparición das causas que motivaron a celebración.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



DECIMO QUINTA. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade beneficiaria designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

2. A persoa que ocupe a presidencia será a titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. A súa suplencia axustarase ao réxime establecido no Decreto de estrutura orgánica da Consellería.

3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

4. Como órgano colexiado, a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Información Básica sobre Protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das



persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace https://www.xunta.gal/protección_datos.

DÉCIMO SÉTIMA. Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



DÉCIMO OITAVA. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

2. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



DÉCIMO NOVENA. Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións subvencionables ao abeiro deste convenio.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan dixitalmente este documento.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN AVANTE
LGBT+

Fabiola García Martínez

Almudena González González

